



FEDERACION GALEGA DE PELOTA

Complexo Deportivo Elviña

Praza Agustín Díaz 1, Local 21, 15008 A CORUÑA

Tfno.: 650 955 255 / E-mail: correo@fgalpelota.es

C.I.F. G-15067002 / www.fgalpelota.es

 XUNTA
DE GALICIA

 DEPORTE
GALEGO

CÓDIGO DE CONDUCTA PARA A EXEMPLARIDADE E A TRANSPARENCIA NA XESTIÓN DO DEPORTE

I.- Preámbulo

Este código ten como obxectivo crear dinámicas de colaboración e diálogo construtivo, baseado na honestidade, a resolución amigable dos conflitos e o respecto mutuo entre os distintos actores do mundo do deporte español. Doutra banda, persegue que este clima de colaboración e respecto sexa percibido pola sociedade como insignia do deporte, de modo que os seus directivos e xestores constitúan exemplos inspiradores para a sociedade. Os valores positivos do deporte e o seu carácter pedagóxico como referente social deben estenderse a directivos e xestores, como exemplos de colaboración institucional, así como de integridade, responsabilidade e resiliencia nuns momentos especialmente difíciles para a sociedade.

II.- O código: Sete piares éticos.

- 1.- Xerar CONFIANZA entre as institucións do sector constitúe a base dun clima de colaboración entre os distintos actores. Este resulta imprescindible en España para, á vez, fortalecer a reputación internacional do noso deporte, unha responsabilidade de todos, que só poderá emprenderse co esforzo conxunto.
- 2.- Actuar con INTEGRIDADE, para o que se dá por sentado o obrigado cumprimento das normas, da súa letra e do seu espírito, para levar a cabo un adecuado exercicio das competencias propias, así como o respecto á autonomía de decisión de cada actor respecto á súa institución.
- 3.- Practicar o DIÁLOGO, sincero, honesto e construtivo, na interacción dos distintos actores, a todos os niveis das súas organizacións, na toma de decisións conxuntas, e nos procesos que requiran colaboración entre as partes.
- 4.- Resolver de forma AMIGABLE os conflitos e as discrepancias, a través de mecanismos de conciliación e mediación.
- 5.- Exercer o RESPECTO mutuo e a MESURA nas declaracións públicas, e especialmente durante o proceso de resolución de conflitos, cuxa publicidade se evitará. Fuxirase de descualificacións e, en xeral, termos que danen a reputación das persoas ou as institucións en ámbitos públicos, talles como reunións, medios de comunicación e redes sociais. Fuxirase da difusión de desinformación ou bulos relativos ás persoas ou institucións.
- 6.- Practicar a TRANSPARENCIA e o fomento da ÉTICA, de acordo cos estándares internacionais e a lexislación española. Anímase a dotar de peso, autonomía e maior protagonismo interno aos Comités de ética cos que decidisen dotarse as respectivas organizacións.
- 7.- Cobrar conciencia da EXEMPLARIDADE de directivos e xestores, en coherencia cos valores positivos do deporte. Estes reflíctense en comportamentos concretos e reais que inspiren á sociedade, moi especialmente ás novas xeracións de directivos e líderes da administración de institucións ou empresas deportivas, tanto públicas como privadas.

A adhesión a este Código de Conduta implica a aceptación dos seus sete piares éticos e o compromiso inequívoco de executalo dentro das entidades ou institucións asinantes a través das súas normas e de mecanismos eficaces que garantan o seu cumprimento.